



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DO SEU CORPO DE POLICÍA LOCAL E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE **ARES**

Con data 20.06.2025 recibíuse na Academia Galega de Seguridade Pública a certificación da secretaria accidental do concello de Ares do acordo adoptado no Pleno de dito concello o 19.06.2025 aprobando a adhesión do Concello de Ares ao convenio para a asunción pola administración xeral da comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías do corpo do seu Corpo de Policía Local e auxiliares de policía local.

En virtude desta comunicación procédese a redactar o convenio antes descrito e dar traslado deste á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a súa tramitación.

O instrumento convencional ten por obxecto a delegación polo Concello de Ares na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo de Policía Local e auxiliares de Policía Local. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as diferentes categorías do Corpo da Policía Local e auxiliares de Policía Local Concello de Ares, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.



O instrumento convencional que foi aprobado polo Pleno do Concello de Ares, fundamentase nos seguintes preceptos legais:

- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais que establece no seu artigo 32.7 que *"a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, no seu caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración."*
- O Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, establece no seu artigo 2.2 que *"A cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, no seu caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixiantes municipais, de non existir no concello corpo de policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade."*

Dentro deste marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixiantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixiantes municipais.

O concello asinante aprobou no seu Pleno municipal, adoptado en cumprimento do previsto nos artigos 47.2.h e 22.2.p da Lei 7/1985, do 2 de abril, delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia deste convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola





que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 da citada Lei de contratos do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

- a) Identificación das partes que interveñen.
- b) Importe do financiamento.
- c) Data da sinatura.
- d) Finalidade
- e) Período de vixencia

Este convenio tipo foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da entón Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con data 2 de xaneiro de 2018.

E para que conste, asíñase esta memoria,

Na Estrada, a 23 de xuño de 2025

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

